


Commemoración do 250 aniversario do nacemento de Francisco José de Caldas

O Concello de Caldas de Reis acolle desde setembro ata novembro unha delegación colombiana formada por personalidades dos Departamentos de Caldas e distintas universidades colombianas no marco dos actos polo 250 aniversario do natalicio de Francisco José de Caldas. A 39ª Conferencia Xeral da UNESCO (novembro de 2017, París) aprobou asociarse aos actos de conmemoración



do 250 aniversario do nacemento de Francisco José de Caldas por tratarse dunha “personalidade de estatura xenuinamente universal” que permite reflectir “os ideais, valores e diversidade cultural da UNESCO”.

A pesar de ser un personaxe bastante descoñecido no noso país, en Colombia é popularmente coñecido como “O Sabio Caldas” e son numerosas as rúas, prazas, centros educativos e culturais que levan o seu nome. Francisco José de Caldas (1768-1816) naceu en Popayán (Colombia) pero descende de pai galego. A liñaxe dos Caldas ten unha longa historia no municipio de Caldas de Reis e foi nomeado fillo adoptivo no 2016 con motivo do bicentenario da súa morte pola transcendencia da súa obra científica. Está considerado internacionalmente como un dos precursores da Bioxeografía e destacou polos seus traballos en botánica, astronomía, xeografía e enxeñeira.

O obxectivo das visitas de intercambio é “impulsar acordos de colaboración en materia de cultura, educación e economía entre Galicia e a rexión”.

Os actos previstos inclúen ciclos de conferencias, mesas redondas, obradoiros didácticos e visitas guiadas en torno á súa figura en diversos museos e cidades de Galicia. Entre eles se atopa o Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela que participará nos actos de difusión e homenaxe recibindo a visita dun grupo de científicos colombianos representantes das principais universidades e academias científicas do país.